


## Tema 8. Parte II. Filosofía política.

### 1. O Renacemento. Maquiavelo e o control do Estado.

A obra de Nicolás Maquiavelo considérase como o punto de partida da ciencia política ó deixar de lado toda moralidade e prexuízos relixiosos á hora de analizar as cuestións do Estado. Para o fiorentino a política non era máis que unha técnica que trataba das relacións humanas. De querer dominala con éxito e en beneficio propio debe ser considerada á marxe de todo marco axiolóxico. Na súa famosa obra *O príncipe* describe os procedementos máis axeitados para manter o poder dun principado atentando, se así se require, contra as normas morais imperantes.

[...] queda claro que a los hombres o bien hay que ganarlos con beneficios o destruirles, porque si se vengan de las pequeñas ofensas, de las grandes no pueden; así que la ofensa que se haga a un hombre debe ser tal que no dé lugar a venganza.

Maquiavelo, *El príncipe*



Maquiavelo entende a política como unha tecnoloxía de dominio a cal separa totalmente da ética para lograr o seu obxectivo principal: tomar o poder e ser quen de controlar o Estado. O contexto que rodeaba ó pensador fiorentino era o idóneo para redactar unha obra como esta: unha Italia fragmentada en pequenas cidades-estado e coa presenza de poderosas potencias continentais como Francia ou o propio Papado. No seguinte clip, pertencente á filme *O Padrino* (1972), dirixida por Francis Ford Coppola, ilústrase dun xeito moi claro as teses recollidas no *Príncipe*, incluíndo a situación de conflito que reinaba na Italia da época. No vídeo podemos ver a Michael Corleone, o cal manda asasinar ós líderes das familias rivais mentres este asiste ó bautizo do seu sobriño. As imaxes da cerimonia relixiosa intercálanse coas imaxes dos crimes onde o novo xefe da familia Corleone, pese a ser partícipe do que está a acontecer fóra dos muros da igrexa, non ten reparo en renunciar, en nome do seu afillado, *a Satanás e a todas as súas seducións*. Podemos atrevernos a identificar a Michael co perfecto príncipe descrito por Maquiavelo: aquel que sabe adaptarse e gobernar segundo as circunstancias. No seu caso decidiu eliminar os seus inimigos máis

próximos no momento no que a súa propia familia parecía debilitada. Que os asasinatos se produzan ó mesmo tempo que un bautismo simboliza á perfección a independencia entre política e valores (morais e relixiosos) que Maquiavelo consideraba necesaria para que un líder mantivese o control do Estado.


[https://www.youtube.com/watch?v=fymAwCg\\_1U0](https://www.youtube.com/watch?v=fymAwCg_1U0)

De esto surge una pregunta, si es mejor ser amado que temido, o temido que amado. Nada mejor que ambas cosas; pero ya que es difícil reunir las y que siempre ha de faltar una, afirmo que es más seguro ser temido que amado. Porque de los hombres se puede decir que generalmente son ingratos, volubles, simuladores, cobardes ante el peligro y deseosos de lucro. Mientras les favoreces, son completamente tuyos y te ofrecen su sangre y sus bienes, su vida e incluso sus hijos, pues, como ya dije antes, ninguna necesidad tienes de ello; pero cuando la necesidad se presenta se sublevaran contra ti. [...] los hombres temen menos ofender a uno que se haga amar que a uno que inspire temor; porque el amor es un vínculo de gratitud que los hombres, malos por naturaleza, rompen cada vez que pueden beneficiarse; pero el temor es un miedo al castigo que no se pierde jamás.

Maquiavelo, *El príncipe*.

Este texto tamén é bastante significativo con respecto á doutrina do fiorentino. Ante a dicotomía de se é mellor ser amado ou temido optará polo segundo. De novo sepárase a política da ética, entendendo a primeira dende unha óptica meramente instrumental e dominadora. Podemos servirnos doutra escena cinematográfica que parece un calco deste último texto. As imaxes pertencen ó filme *Unha historia do Bronx* (1993), dirixida por Robert de Niro. No vídeo vemos a Sonny, o xefe da mafia local, mantendo unha conversa co seu protexido, Calogero, o cal lle pregunta se é mellor ser querido ou temido. A resposta que dá o *capo* parece saída dos beizos do propio Maquiavelo.

<https://www.youtube.com/watch?v=U85e39GjZdA>



Na súa outra gran obra, *Discursos sobre a primeira década de Tito Livio*, Maquiavelo presenta unha perspectiva que se diferencia da recollida nas páxinas do *Príncipe*. Nos *Discursos* recupera as teses dos clásicos, como Cicerón, e a estreita relación que para estes existía entre o individuo e a *polis*. Recordemos que na época de Maquiavelo, na península itálica, convivían numerosas cidades-estado xunto a grandes potencias. O de Florencia admiraba a capacidade de autogoberno que tiñan algunhas desas cidades, a cal se plasmaba na súa independencia, participación cidadá... Unha forma estritamente política de enfrontarse ós grandes réximes monárquicos e autoritarios de Europa.

A visión da política como unha tecnoloxía de dominio xa non é protagonista e substitúese por un ensalzamento das leis e das virtudes cívicas. Só nunha cidade libre o individuo poderá desenvolverse plenamente en base a unhas leis e unhas institucións que busquen o interese común e que fagan ós cidadáns partícipes do ben público. Nos *Discursos* Maquiavelo identificará a liberdade tal e como a entenden os autores que, historicamene, se adscriben á tradición republicana (veremos isto, máis polo miúdo, no seguinte apartado).

## 2. As características do realismo político de Maquiavelo.

La nueva situación política dominada por los estados nacionales centralizados exigía una nueva fundamentación del pensamiento político. Esto es lo que hizo Maquiavelo, que aplicó al análisis de la vida política y de la sociedad los mismos criterios que utilizaba la ciencia naciente, es decir, describir hechos y buscar regularidades para dominar la naturaleza. Así, Maquiavelo pretende describir cómo se comportan normalmente los hombres en sus actividades públicas y no como deberían comportarse. La política, antes de Maquiavelo, tenía un fundamento ético-metafísico, en el pensamiento griego, y ético-teológico en el pensamiento medieval cristiano. El

fiorentino aboga por una aproximación realista que se atiene a los intereses, costumbres y leyes que condicionan las acciones y las ideas de los actores de la política. Remite a la verdad efectiva: a los hechos. Sus dos fuentes son la experiencia del presente, fruto de la etapa como diplomático de Maquiavelo, y el estudio de la historia antigua. Podemos identificar tres aspectos clave en la concepción del realismo político

- **La autonomía de la política como disciplina frente a la moralidad:** para Maquiavelo, la cuestión central del Estado y de la política es el poder, por lo que la acción política y la obra del gobierno no se definen por criterios éticos de bondad o justicia, sino por su eficacia con respecto al poder. Una acción política es buena si es eficaz para conseguir el poder y mantenerlo. Un príncipe nuevo ha de saber hacer lo que es mejor en cada circunstancia, siendo flexible y capaz de adaptarse en todo momento. El pensamiento político medieval había creado una tradición literaria en la que se esbozaba el perfil del príncipe: tenía que ser un hombre religioso, bondadoso, revestido de las virtudes teologales (fe, esperanza y caridad) y las virtudes cardinales (platónicas: justicia, prudencia, fortaleza y templanza). Maquiavelo, aparentemente, sigue esta tradición, si bien le sabe dar la vuelta: para él la virtud del príncipe tiene poco que ver con las virtudes cristianas; se trata más bien de aquel sentido antiguo de la *areté* griega: habilidad, destreza y capacidad de dominio, astucia; capacidad de planificar y de imponerse. El príncipe debe ser capaz de manipular las situaciones para sacar provecho de ellas, debe “moverse según lo que le manden los vientos y las variaciones de la fortuna”.
- **La razón de Estado:** si el objetivo de la política como disciplina es la conservación de la comunidad política, esto implica que la comunidad organizada políticamente, esto es, el Estado, tiene primacía sobre los intereses particulares. La razón de Estado se convierte en el fundamento de cualquier ley. No obstante, una comunidad cuyos ciudadanos tengan un mayor grado de libertad e igualdad entre ellos perdurará más que otra en la que estos estén esclavizados y en la que se legisle solo para beneficio de una persona: el monarca o príncipe.
- **“El fin justifica los medios”.** Esta frase, tradicionalmente atribuida a Maquiavelo, fue probablemente enunciada por Napoleón Bonaparte, plasmándola en la última página de su ejemplar de *El Príncipe*, aunque es cierto que esta resume bastante bien la tesis del realismo político del fiorentino: el fin que tiene que tener un príncipe es el de conservar su Estado y entonces *“los medios siempre serán juzgados honrosos y ensalzados por todos”*. Esto demuestra la separación clara que Maquiavelo establece entre la esfera de la política y la de la moral.

### 3. Os teóricos do contrato social.

Durante moito tempo Europa estivo baixo o dominio de monarquías absolutas segundo as cales o poder dos reis emanaba directamente de Deus. As críticas e os debates arredor deste modelo político suscitaron a aparición de novas teorías filosóficas, entre as que podemos destacar o **contractualismo**. Moitas das súas teses xa estaban presentes en autores clásicos, como Aristóteles ou Cicerón (por citar só a algunhas figuras importantes), pero foi a partir do século XVII e XVIII, coas figuras de **Hobbes, Locke e Rousseau**, cando se desenvolveron máis polo miúdo. Segundo esta teoría o **Estado ten a súa orixe nun contrato entre os seres humanos no cal se acorda limitar as liberdades individuais a cambio de protección, seguridade e orde**, vantaxes que só poden desfrutar como membros dunha sociedade política. Os grandes filósofos do contractualismo, pese a ter puntos en común, difiren en cuestións claves como o estado da natureza, a bondade humana... Vexámolo dun xeito máis claro analizando caso por caso.

#### Hobbes e o Leviatán.

De todos os autores ós que nos imos referir neste apartado Hobbes é o único que continuará a defender un **sistema absolutista**. Para Hobbes todos os homes nacen libres e iguais convivindo nun estado de natureza previo a toda sociedade no cal, como seres libres, poderán utilizar todos os medios o seu alcance para asegurar a súa supervivencia. Isto implica que dentro dese estado de natureza se está nun continuo enfrontamento, nun permanente estado de guerra. A frase que popularizou Hobbes, "o home é un lobo para o home" (*homo homini lupus*), dá conta desta realidade. Para saír de dita situación os distintos individuos deciden asinar un pacto mediante o cal limitan os seus dereitos naturais a cambio dunha maior seguridade. O autor, entre todas as formas de goberno, considera á monarquía como a máis adecuada. Os individuos cederán os seus dereitos a un soberano capaz de manter a orde e de preservar a vida dos seus súbditos. Este soberano terá un poder absoluto sobre estes últimos, xa que a cesión de liberdades é incondicional. Pese a isto Hobbes esforzase en aclarar que o interese público (do Estado) e o privado (o do soberano) serán idénticos: a prosperidade e riqueza dun rei non pode darse cun pobo que malvive na miseria. Hobbes avoga por un Estado absoluto que abarque todas as cuestións de interese público e onde as liberdades individuais serán recortadas e substituídas por leis que impidan un escenario de ameazas e perigos.

#### Locke e a importancia da propiedade.

Antes de achegarse a noción de Locke sobre as orixes do Estado debemos facer unha parada previa na súa teoría acerca da propiedade, a cal desenvolve na súa obra *Two Treatises of Government*. Segundo Locke os homes teñen dereito a beneficiarse da natureza e de todo aquilo que esta lles proporciona para subsistir, do mesmo xeito que teñen dereito a comer, a beber e polo tanto a autoconservarse. Deus deu o mundo ó común dos homes, ós cales lles brindou tamén a razón par que

fosen quen de mellorar as súas condicións de vida: "a terra e todo o que hai nela fóronlle dados\_ó home para soporte e comodidade da súa existencia". Aquí é onde establece un punto que é vital\_para comprender a súa noción de propiedade: o traballo. Para Locke "a terra e todas as criaturas inferiores pertencen en común a todos os homes", pero haberá unha propiedade particular que pertenza en exclusiva a unha persoa en concreto, propiedade á cal ninguén máis terá dereito. O que determina a propiedade exclusiva dunha persoa é o traballo do seu corpo, o que este produce, sendo isto o que lle pertence. Vemos, pois, como Locke fai da propiedade e do traballo algo inseparable. A través do traballo un individuo engade algo a unha determinada cousa que lle brinda a natureza. Deste xeito convértese en propiedade exclusiva do traballador. Con isto o autor establece unha distinción entre o que pertence ó común da humanidade e o que pasa a ser propiedade dun único individuo. O xeito no que aborda a propiedade no Segundo Tratado describe á perfección a concepción que o autor ten sobre o estado de natureza. Para Locke este último asentárase sobre dous principios: a liberdade e a igualdade. A liberdade que todo individuo ten para apropiarse da terra e dos seus froitos. A igualdade coa que Deus bendiciu a todos os homes ó outorgarlles o mundo como unha propiedade comunal. Só a través do seu traballo poderán facer dunha parcela de terra ou dunha cousa determinada algo da súa propiedade exclusiva.

Se no estado de natureza todos os homes son libres e iguais un individuo antes de someterse ó poder político dalgún outro deberá de dar o seu consentimento. Do que se está a falar é de renunciar á liberdade previa da que todo home goza. Así, para formar parte da sociedade civil deberase renunciar a unha serie de dereitos naturais, de aí que o consentimento sexa un requisito indispensable. Para Locke a **sociedade civil constitúese como un acordo mutuo, como un contrato entre todos aqueles que desexan formar unha comunidade** a fin de convivir os uns cos outros dunha maneira comfortable, segura e pacífica, disfrutando sen risco das súas propiedades respectivas e mellor protexidos fronte a quen non forma parte de dita comunidade. Desta forma un grupo de homes libres pasan a formar parte, por mutuo acordo, do mesmo corpo político onde a maioría poderá decidir e obrar en nome de todos. A propiedade será para Locke algo fundamental para comprender a orixe da sociedade política. Dento do estado de natureza, en caso de conflito entre dous individuos, non existe un árbitro que medie entre as partes. Cada individuo actúa como xuíz e parte podendo executar a pena que considere xusta, un contexto no que nin eles nin as súas propiedades están a salvo. Aqueles que acceden a formar parte dunha sociedade política delegan o exercicio do poder executivo que lles outorga a lei natural. De igual modo delegan na comunidade a resolución dos seus conflitos seguindo unha serie de leis e regras acordadas polos seus membros. Estas aplícanse a todos por igual, sendo executadas por aqueles maxistrados autorizados pola comunidade.

**Locke, a fin de garantir os dereitos naturais que os individuos posúen no estado de natureza, defenderá un Estado no que impere a separación de poderes: lexislativo (no que os**

**representantes elaboran as leis), executivo (o goberno que as executa) e federativo (encargado das relacións internacionais).** Esta separación inspirará á posterior elaborada por Montesquieu e que perdura nas democracias representativas modernas: poder lexislativo, executivo e xudicial.

### **Rousseau: a vontade xeral.**

Unha das grandes diferencias con respecto a Hobbes e a Locke é a súa interpretación do ser humano. Para Rousseau os homes son bos por natureza pero ó pasar a formar parte da sociedade corrómpense. Ao renunciar ás liberdades das que gozaban antes de pasar a ser membros do Estado apareceron dereitos como o de propiedade, o cal é a orixe de todas as desigualdades. Rousseau amósase crítico co pensamento de Locke; este último pensaba que o Estado nacía para salvagardar a vida e a propiedade dos seus membros mentres que para o xenebrés xurdiría para protexer os intereses dos máis ricos, marxinando ó resto da poboación.

Na súa obra magna, *O contrato social*, matizará moitas destas ideas, postulando unha alternativa respecto á orixe da sociedade. Para Rousseau esta nace dun pacto no que os individuos, buscando defenderse de forzas alleas, pasan a constituír un todo. Desta maneira, como partes dese todo, non teñen que obedecer a ninguén máis que a si mesmos. Vexamos isto dun xeito máis explícito lendo as palabras do propio Rousseau:

Encontrar una forma de asociación que defienda y proteja de toda la fuerza común la persona y los bienes de cada asociado, y por la cual, uniéndose cada uno a todos, no obedezca, sin embargo, más que a sí mismo y quede tan libre como antes. Tal es el problema fundamental al que da solución el contrato social [...] Cada uno de nosotros pone en común su persona y todo su poder bajo la suprema dirección de la voluntad general; y nosotros recibimos corporativamente a cada miembro como parte indivisible del todo.

Rousseau, *Contrato social*, pp. 48s.

En base a isto Rousseau introduce un concepto clave para comprender a súa proposta política: a **vontade xeral**. Esta será aquela que, unha vez "asinado" o pacto, dirixirá as accións e forzas do Estado perseguindo sempre o ben común. Así, sendo a soberanía o exercicio da vontade popular, esta será inalienable, xa que non responderá ante ningún interese partidista, só se moverá en favor dun interese común. Por outra banda tamén será indivisible xa que a vontade xeral non o é só dunha parte do pobo, senón dun todo.

[...] sólo la voluntad general puede dirigir las fuerzas del Estado según el fin de su institución, que el bien común: porque si la oposición entre los intereses particulares ha hecho necesario establecimiento de las sociedades, es el acuerdo entre esos mismos intereses lo que lo ha hecho posible. Lo que hay de común en esos intereses diferentes es lo que forma el vínculo social, y si no hubiera algún punto en el que todos los intereses concordaran, ninguna sociedad podría existir. Ahora bien, es únicamente en razón de este interés común como debe ser gobernada la sociedad. Digo, pues, que no siendo la soberanía más que el ejercicio de la voluntad general, jamás puede enajenarse, y que el soberano, que no es más que un ser colectivo, no puede ser representado más que por sí mismo; el poder puede muy bien transmitirse, pero no la voluntad [...]. Por la misma razón que la soberanía es inalienable, es indivisible. Porque la voluntad es general, o no lo es; es la del cuerpo del pueblo o solamente de una parte. En el primer caso esta voluntad declarada es un acto de soberanía y hace ley; en el segundo, no es más que una voluntad particular, o un acto de magistratura; todo lo más, es un decreto.

Rousseau, *Contrato social*, pp. 57s.